

MANIFESTO DO 8 DE MARZO DE 2024

DÍA INTERNACIONAL DAS MULLERES

INVESTIR EN IGUALDADE, AVANZAR COMO SOCIEDADE

D. César Poza González

Alcalde do Concello de Vilaboa

FAI SABER:

Como cada 8 de Marzo o Concello de Vilaboa súmase a esta xornada de reivindicación e loita. O feminismo é consubstancial á democracia, só avanzando en igualdade entre mulleres e homes e conseguindo a plena cidadanía das mulleres, acadaremos unha sociedade avanzada, digna e xusta.

Neste 2024 o lema elixido polas Nacións Unidas é "investir nas mulleres: acelerar o progreso". Non se pode progresar sen a metade da poboación, que son as mulleres, nin a pesar delas. Tal como expresa Nacións Unidas "a igualdade de xénero é o maior desafío actual en materia de dereitos humanos", ademais o progreso das mulleres é un factor que beneficia a toda a sociedade. O feminismo é unha proposta igualitaria e emancipadora que apela ao conxunto da sociedade.

O Concello de Vilaboa comprométese a seguir impulsando avances que consigan acadar unha sociedade mellor, máis equitativa, máis democrática, sempre da man das mulleres e do movemento feminista, convertendo reivindicacións en realidades a través da acción política.

Hai quen pretenden virar ao pasado e revertir as conquistas da loita feminista, hai quen incluso negan a violencia machista. Aí nos atoparán fronte, non vamos a permitir que se rompan os consensos que tanto custou conseguir, traballaremos para amplialos e reforzar as súas bases porque quen negan a violencia machista e rompen consensos están negando a democracia. O reto máis importante do século XXI é acabar coa desigualdade entre mulleres e homes e o seu máis salvaxe expoñente, a violencia machista. Non hai nada máis prioritario na axenda política para os gobernos a todos os niveis que se queiran mirar a si mesmos con dignidade que acabar coa violencia machista en todas as súas manifestacións. E imprescindible renovar o gran logo social e político que supuxo o Pacto de Estado contra a violencia de xénero e xuntar esforzos e recursos para previr esta violencia e atender as sobreviventes.

A participación na vida pública e a independencia económica son claves para a emancipación das mulleres. Por iso son tan importantes as políticas de cotas, sen as cales no sería realidade a incorporación das mulleres á política e ás direccións das empresas públicas, e as políticas activas de emprego, o incremento do salario mínimo e das pensións mínimas, cuxas principais perceptoras son as mulleres.

As políticas laborais focalizadas no emprego feminino son imprescindibles para reducir a fenda salarial de xénero, pero aínda queda moito por facer para acadar a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes en materia de coidados e emprego. Acadar a paridade na toma de decisións, acabar coa parcialidade involuntaria á que se ven abocadas moitas mulleres depende do fomento por parte das administracións públicas de servizos de coidados para facilitar que non se penalice as mulleres no mercado laboral. Para conseguir unha igualdade efectiva hai un elemento clave: modificar os usos do tempo, porque a asimetría actual nos usos do tempo actúa en detrimento do desenvolvemento non só profesional e educativo senón tamén persoal das mulleres. Menos tempo para dedicar á formación, ao estudo, ao emprego, pero tamén menos tempo para dedicar ao coidado persoal ou ao ocio. Temos que desterrar a idea tradicional que asocia mulleres e coidados, sendo plenamente conscientes de que nos desenvolvemos nun entorno rural con máis dificultade para o acceso a recursos.

Por iso, o goberno municipal traballa cada ano para achegar ás mulleres do Concello actividades que lles permitan tomar conciencia da súa situación, reivindicarse, desterrar o machismo das súas vidas e coidarse. A primeira delas é reivindicar o 8 de Marzo cun premio que sinala cada ano a unha muller vilaboense, e de seguido deseñar actividades formativas, lúdicas e de conciliación da vida laboral e persoal, que permitan as mulleres, parroquia a parroquia xuntarse, falar e unir forzas polos avances acadados e contra a regresión.

Tamén cada ano animamos á veciñanza de Vilaboa a participar nas manifestacións reivindicativas que organiza o movemento feminista nas principais vilas da provincia.

Por todo o que levamos percorrido e polo camiño que queda por facer, que viva a loita das mulleres!

César Poza González (1 para 1)

Alcalde de Vilaboa

Data de Sinatura: 04/03/2024

HASH: ab8d4401aeab3f0aeaabdbdfb10d27cb

Vilaboa, 04 de marzo de 2024

O ALCALDE,

Documento asinado dixitalmente



CONCELLO DE
VILABOA

